

Presentes representantes de Cambre,Oleiros,Palavea,Labañou,Monte Alto,Conchiñas

Orde do día:

- 1 - extensión a máis barrios
- 2 - Cambre 27 Agosto
- 3 – Madrid 23 Xullo
- 4 – Asamblea de Parados
- 5 – Relación con outras cidades
- 6 – Rolda Prensa 2-7-11
- 7 – Folga Xeral.

1 extensión a máis barrios.

- Na Asemblea de Cambre participa xente de Culleredo. Van facer unha Asemblea informativa en Culleredo e tentar armar un grupo de traballo. Será o venres 15 ás 20:30 na Praza de Europa – O Burgo – Culleredo. Os demais barrios deberían difundir isto nos seus medios. Linkar blog de Cambre (www.indignadosencambre.blogspot.com) co de Asemblea de Barrios e Vilas da Coruña (contactar con Marta de Conchiñas)
- Monelos/Castrillón: na biblioteca do Castrillón a finais desta semán ou a principio da que ven vai haber unha presentación e charla dos abusos da banca (ADICAE). Encárganse María, Maruxa, Koke, Alfredo e alguén mais de Palavea.
- Na Cidade Vella, Lorenzo vai organizar unha reunión entre interesados para o venres 8.

2 - Festa Cambre 27 agosto.

- Teñen o proxecto dunha “Xuntanza de Indignad@s”, festa temática todo o día, con varias actividades (talleres infantís, puntos de info con charlas de membros de ATTAC, Triodos Bank, ..., puntos específicos do 15M, etc.). En fase de organización.
- Proponse convertila nunha xuntanza de barrios e vilas da Coruña, porque coincidirá máis ou menos cos tres meses do 15M e había propostas similares en Cambre e Oleiros.
- Cando na Asemblea de Cambre se fale e se decida, informarán á Coord Prov,os demais barrios e vilas o anunciarán nas Asambleas e nos seus medios, e os que queiran colaborarán. Informan que van colgar o que se leva feito no seu blog.

3 – Chegada da Marcha de [Indignad@s](#) a Madrid o 23 de Xullo.

- Decídese propoñer apoia-lo evento cunha concentración na Coruña e coordinarse co resto de cidades de Galicia para montar concentracións similares nas que sexa posible (similar ó 19J).
- A proposta que se vai facer ós barrios é unha marcha (literal ou simbólica) desde os barrios e as vilas da comarca que termine na Praza de Ourense na Coruña ás 20:00, e despois continúe ata María Pita.
- Difusión: nas Asembleas, e cos medios dos que dispoña cada unha.
- Cartelería: faranse propostas, pero ten que incluír “15M” no corpo do cartel.
- Roberto se encarga da coordinación co resto de cidades.
- Hai compañeir@s que queren ir a Madrid a apoiar, tomarase nota nas asembleas e a coord os porá en contacto para que se organicen.

- Preparar mensaxes e consignas da manifestación.
- Bibi contactará con DRY e a Acampada por este tema, Alfredo con STOP-DESHAUCIOS, contactar tamén con NO LES VOTES, ANONYMOUS,...

4 - Asembleas de parados:

- Xosé: planificar Asembleas de parad@s co obxecto de mobilizalos para reivindicacións a nivel local. Van ser convocados na Asemblea Popular de Monte Alto do 7 de Xullo (presenta proxecto do panfleto).
- O resto de Asembleas irá mirando como funciona en Monte Alto para sumarse se así o deciden.
- Lémbrese que as causas do desemprego son máis ben estruturais e deberían relacionarse estas Asembleas de parad@s e as súas reivindicacións cos 8 puntos mínimos. María e Alfredo propoñer amplia-la idea a subempregad@s, amas de casa sen retribución, ... Moita xente en precario pode sentirse excluída do termo "parad@". Coincídese en que aínda que se poda empezar así, co tempo se debe ir afinando a idea.

5 - Relación con outras cidades.

A raíz do tema do 23 Xullo, encargárase Roberto.

6 - Rolda de prensa do 2-7-11

- Koke expón o desenrolo. Compárase o que saca cada medio (La Voz de Galicia, La Opinión de A Coruña, SER).
- A partir d'agora mellor enviamos nota e foto, e non rolda de prensa.
- Para evitar carencias e manipulacións, lémbrese o proxecto do boletín impreso, os medios de info. alternativos, os nosos blog e facebook, apúntase que estaría ben graba-los nosos comunicados, recoméndase grabar pola nosa conta tódalas intervencións nos medios.

7 – Folga Xeral

- Xurdíu fai uns 20 días a idea de que o 15M convocase unha folga. É imposible porque a ten que convocar un sindicato (hainos dispostos a isto: COG p.ex.). Deberíase escoller un minoritario e pequeno.
- DRY: informarse se apoian isto.
- Consultar resto de Asembleas e Acampadas de España.

Proposta orde do día da seguinte reunión:

- 1- preparar convocatoria 23 xullo
- 2- comunicacións alternativas
- 3- información barrios

APARTE:

Juan de Cambre comenta que levan un tempo animando a coloca-lo cartel "INDIGNAD@" nas xanelas das casas. Anima a tódolos barrios a anuncia-la iniciativa.